

A carta

A carta é un medio de comunicación escrito , usado por unha persoa (remitente) para enviar información a outra persoa. (destinatario)

Existen cartas **informais**, que son aquelas usadas para enviar ou recibir mensaxes a amigos ou familiares , e cartas **formais** que son empregadas para enviar ou recibir información/ documentación /mensaxes de organismos. (concellos , comunidades , bancos , colexios...)

As cartas compóñense das seguintes partes:

- _ Lugar e data
- _ Saúdo
- _ Contido
- _ Despedida
- _ Sinatura



No sobre debemos colocar :

- _ Na parte frontal ou anverso.- nome , apelidos e enderezo completo do destinatario.
- _ Na parte traseira ou reverso.- nome , apelidos e enderezo completo do remitente.

Nome e apelidos	SELO
Rúa-Número - piso- letra	
Barrio-concello - C. P	
Provincia	
País	

Rte / Nome e apelidos
Rúa—Número - piso— letra
Barrio— concello - C. P
Provincia - País

As cartas deben levar un selo na parte frontal, cuxo custo varía dependendo do lugar ao que vaia dirixida e do peso da mesma. Logo debemos depositala nun buzón de correos ou na mesma oficina de correos.

GALEGO:

Hoxe imos aprender que é unha carta, os tipos de cartas e tamén as súas partes e os elementos a poñer no sobre. Logo escribiremos nós unha!!

Antes de empezar le atentamente o modelo adxunto!!

- Sen dúbida, estas foron unhasvacacións de Semana Santa moi distintas!!! Escribe unha carta a un amigo/a ou familiar contándolle como pasaches estas datas confinado/a na casa e pregunta tamén a esa persoa cómo o leva.
- Logo debuxa un sobre onde coloques correctamente os dous enderezos. Non esquezas debuxar tamén o selo!!